# A orquestra sinfónica

A orquestra sinfónica é unha agrupación moi numerosa de instrumentos, que incorpora membros de todas as familias instrumentais, con especial importancia da sección de corda.

Orixinouse a partir das primitivas orquestras de cámara barrocas e clásicas, e estabilizou a súa composición durante o período romántico.

O director de orquestra é o encargado de coordinar os instrumentistas; para marcar o *tempo* e a expresión da música válese, en moitas ocasións, dunha vara lixeira e metálica chamada batuta.



**1** **Observa** o esquema da orquestra e **completa** co nome dos instrumentos.

| Sección de corda | Sección de vento-madeira | Sección de vento-metal | Sección de percusión |
|---|---|---|---|
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| | | | |



Correo electrónico: fmrmusica@gmail.com